

URBANISMO CASTREXO NO NOROESTE PENINSULAR*

Fernando Acuña Castroviejo
Departamento de Historia I
Universidade de Santiago

I. INTRODUCCIÓN

Polo de agora non existe unha obra específica que aborde todo o relativo ó urbanismo castrexo. Contamos con aportacións de diversa índole que clarifican algúns dos aspectos, ben en obras de carácter xeral sobre o urbanismo (GARCIA Y BELLIDO, 1985) ou sobre a cultura castrexa (LOPEZ CUEVILLAS, 1953; CALO LOURIDO, 1993 e SILVA, 1986). Asimesmo hai referencias sobre a ocupación do espacio en grandes áreas (SOEIRO, 1984; CARBALLO ARCEO, 1986; MARTINS, 1990; ALMEIDA, 1990; XUSTO RODRÍGUEZ, 1993 e SILVA, 1994) Finalmente aspectos concretos aparecen en diversos autores (BALIL, 1971; ROMERO MASIA, 1976; ALMEIDA, 1984 e ACUÑA CASTROVIEJO, 1994).

Tampouco pódense esquecer as aportacións que figuran nas distintas monografías sobre xacementos das que mais adiante aparecerán as referencias.

Dentro desta contribución a análise do urbanismo tocaremos algúns aspectos do mesmo referidos ó actual territorio galaico e ó Norte de Portugal, deixando fora o que suceda nas áreas astur e leonesa que merecerían un espacio mais amplo do que esta aproximación require.

* Este artigo recolle en grande parte, con adendas sobre todo bibliográficas, o contido do titulado "Urbanismo castrexo no NW Peninsular", presentado en Gijón no decurso do Coloquio Internacional de Arqueología. Los Finisterres Atlánticos en la Antigüedad, celebrado entre o 10-

II. ÁMBITO XEOGRÁFICO

Os límites xeográficos nos que nos imos mover son os correspondentes á Galicia actual pero con obrigadas referencias a algúns xacementos significativos das terras situadas entre o Douro e o Miño.

Ainda que a cultura castrexe ten un espacio máis extenso, só cuestionado últimamente en base a criterios lingüísticos, onomásticos, culturais e étnicos (1) que establecerían un ámbito máis meridional, que agora non é o caso de debatir (ALARCAO, 1992), o territorio a estudar é o indicado con anterioridade.

III. OS RASGOS DEFINITORIOS DUN URBANISMO NOS CASTROS

Podemos falar da existencia dun urbanismo no momento no que se comeza a racionalizar o uso do espazo, organizandoo e dotandoo dunha serie de servizos que respondan ás necesidades dunha sociedade.

Ese momento xurde necesariamente cando o contacto con Roma motiva grandes transformacións na Arquitectura, por exemplo, que só poderían facerse cá utilización dun tipo de ferramentas adecuadas ó traballo da pedra.

A pavimentación das ruas e prazas, a organización de espazos públicos xunto con obras de uso colectivo, como alxibes e as "saunas", supoñen un progresivo proceso de urbanización. A isto habería que engadir a decoración arquitectónica e a plástica en pedra como expresión da nova situación.

Vexamos máis detidamente os aspectos máis importantes do panorama urbanístico na Galicia castrexa.

III.1. Os asentamentos

Tanto nos grandes castros como nos pequenos podemos observar elementos do urbanismo. No primeiro caso destacan os de San Millán, San Cibrán de Lás, Santa Tegra, Castromao e Troña xunto cós de Briteiros, Sanfins e o Mozinho na parte portuguesa, que son unha mostra do que serían cabeceiras de comarca. Case todos eles son de nova planta.

(1) A este respecto véxanse os comentarios que o traballo de Alarcão suscita en VILAÇA, 1992:74-12 de Xullo de 1995.

Entre os pequenos, algúns como o de A Graña, revelan una clara ocupación en época prerromana aínda que o seu urbanismo xa é romano (MEIJIDE CAMESELLE, 1990).

III.2. A arquitectura exterior

Os castros desta época están fortificados con un sistema de foxos, murallas e accesos ó interior dos recintos.

No territorio galaico os casos máis significativos son os representados polos seguintes xacementos:

1. Baroña. Ten un foxo transversal excavado na rocha ó que segue unha dobre muralla. Despois ven o poboado defendido por outra muralla que conta cunha porta accesible a través dunha escaleira de entrada (CALO LOURIDO, SOEIRO, 1986).

2. San Cibrán de Lás. Trátase dun dos castros máis grandes. Ten foxos, dobre muralla que cubre dous recintos e bastións reforzando os accesos (RODRIGUEZ CAO, XUSTO RODRIGUEZ e FARIÑA BUSTO, 1993).

3. San Millán. Tamén é un grande xacemento dotado de foxos, murallas ciclópeas que rodean un perímetro dividido en tres recintos, e portas e torreóns (RODRIGUEZ GONZALEZ, FARIÑA BUSTO, 1986).

Na parte oriental existe un campo de pedras fincadas utilizadas como elemento defensivo (2).

4. Troña. Posee un gran foxo excavado na rocha polo que vai o camiño de acceso ó interior, que está rodeado dunha muralla (HIDALGO CUÑARRO, 1985).

5. Santa Tegra. Trátase de outro gran castro que posee un sistema de acceso escalonado cara a porta Norte e unha calzada empedrada pola que se accede á porta Sul (MERGELINA, 1944-45).

(2) Este sistema defensivo aparece en castros de época romana da Galicia oriental nas zonas de O Courel, O Incio e Leste da provincia de Ourense. A problemática aparece tratada en ACUÑA CASTROVIEJO, 1996.

6. A Graña, neste caso é un castro de reducidas dimensións no que se localizou un camiño de mais de 50 metros de lonxitude na parte coñecida excavado na rocha a 2 e 3 metros de profundidade. Ten paramentos laterais e marcas de rodeiras o que confirma o paso de carros ó interior (3).

Tamén está comprobada a existencia de zonas de control o longo a base dun sistema de portas levadizas de madeira no inmediato acceso ó recinto, protexido por dous bastións. Ó pe dun deles apareceu unha cabeza de pedra que debería estar colocada no alto con un carácter apotropaico (ACUÑA CASTROVIEJO, 1993).

III.3. O espacio interior

Se observamos o interior dos poboados atopámonos cunha lóxica distribución dos espazos e construcións de fins moi diversos.

Apreciase claramente unha organización, que non parece anterior á época romana, como parece deducirse da concepción do espazo e das técnicas e instrumental utilizadas nas construcións.

Os asentamentos mais significativos témolos nos seguintes castros:

1. Briteiros. Trátase dun dos castros de maiores dimensións. A Planta mostra un poboado rodeado de tres murallas, con varias portas e unha distribución do espazo moi definida (CARDOZO, 1971).

2. Sanfins. O sistema consiste nunha rua central da que saen outras transversais que debuxan un esquema case ortogonal no que se perciben barrios

(3) As escavacións no Castro de A Graña comenaron no ano 1987 por unha equipa do Departamento de Historia I da Universidade de Santiago e baixo a dirección de F. Acuña Castroviejo e G. Meijide Cameselle, dentro dun proxecto titulado "A ocupación do espazo no Val do Río Furelos (Toques, Terra de Melide). Contóuse ca colaboración da Universidade de Łódź (Polonia), en virtude de un convenio entre as dúas universidades, ca participación dos profesores J. Kmiecinski, K. Walenta, T. Grabarczyk, J. Blazczyk, entre outros. Os traballos levados tamén a cabo nos castros de San Xiao e Piñeiro e na necrópole da Edade do Bronce e asentamento romano do Agro de Piñeiro, contaron ca financiación da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia e da Universidade de Santiago. Na equipa técnica destacaron S. Reboreda Morillo nas primeiras fases e P. Rodríguez García no conxunto do Proxecto.

compostos por diversas edificacións agrupadas en torno a un patio común (SILVA, 1986). Sobresaen as murallas exteriores do castro e os muros que rodean ás distintas agrupacións.

3. Monte Mozinho. É un gran castro con murallas concéntricas adaptadas á topografía, que delimitan un espazo cuadrulado polas rúas enlousadas das que se accede ás diferentes agrupacións de construcións (SOEIRO, 1984)

GALICIA

1. San Cibrán de Lás

Atopamos eiqú un dos millores exemplos de planificación urbán nun xacemento de grande extensión (9,6Ha.). Contén dous recintos amurallados que pechan un esquema ortogonal, adaptado á topografía, con rúas cruzadas. Ós lados dispóñense as construcións (RODRÍGUEZ CAO, XUSTO RODRÍGUEZ e FARIÑA BUSTO 1993).

2. Santa Tegra

Outro poboado de grandes dimensións con murallas, diversos barrios e agrupacións de vivendas adoptadas tamén á topografía (MERGELINA, 1944, 1945; PATIÑO GÓMEZ, 1989; PEÑA SANTOS, 1988).

Deixando a un lado ás plantas compre agora ver os distintos elementos que hai no interior dos poboados.

As casas son redondas ou cadradas con diferentes tipos de aparellos e agrupadas en conxuntos, con anchuras variábeis nos accesos, síntoma de distintas funcionalidades. Estamos no momento de aparición das casas-patio, reveladoras da especialización de cada parte do conxunto: habitacións, almacéns, adros, etc. (ALMEIDA, 1984). Exemplos significativos témolos en Sanfins, Briteiros e Santa Tegra, onde se diferencian claramente as distintas agrupacións (PEÑA SANTOS, 1988).

Non cabe duda da existencia dunha evolución ó longo deste período (épocas augustea, xulio-claudia e flavia) na tipoloxía das construcións. Isto aparece

reflexado no tipo de aparello utilizado, no progresivo afianzamento das formas rectangulares e na menor utilización do vestíbulo e na disposición das lareiras.

Hai casos nos que se reviste o interior das casas con enlucidos (Troña). Aparece tamén a decoración nas umbreiras e padieiras, dunha forma predominante na área meridional da cultura castrexa (Santa Tegra, San Cibrán de Lás, Briteiros, Sanfins, Mozinho).

Unha consecuencia das novas construcións e da organización do interior é a aparición de espazos públicos destinados a espectáculos ou reunións (Monte Mozinho) e recintos que puideran ter unha finalidade relixiosa (Monte Mozinho) ou Elviña, onde apareceu unha figura fálica (LUENGO, MARTÍNEZ, 1956).

A dispoñibilidade da auga e os sistemas de desaugadoiro habían ter una grande importancia nestes centros. No primeiro caso contamos con dúas mostras claras de almacenamento; trátase dos alxibes perfectamente documentados nos castros de Eliviña (LUENGO Y MARTÍNEZ, 1966) e San Cibrán de Lás. Ó mesmo tempo, a proximidade dos ríos e a existencia de fontes garantirían o suministro de auga ás poboacións.

No segundo caso, a construción de canles, tanto entre os conxuntos constructivos como nas distintas zonas do poboado (Santa Tegra), resolverían a cuestión da retirada das augas. Ás veces estas canles servían para leva-las augas ata os monumentos con forno. A este tipo de construción convén referirse xa que supón algo singular nos castros do convento bracarense, aínda que haxa algúns na área norteña.

Son construcións de carácter monumental compostas por un forno, unha cámara pechada por unha "pedra formosa", unha antecámara e un adro con un estanque que recibe a auga da parte superior do castro.

Están situadas na parte baixa dos poboados, fora do recinto principal e terían unha función termal. Tanto su funcionalidade como a cronoloxía de época romana, parecen claras á vista das escavacións levadas a cabo nos últimos anos en Sanfins, Galegos, O Freixo e Castro das Eiras. Cousa discutible é a consideración como baños iniciáticos (ALMAGRO GORBEA, ÁLVAREZ SANCHIS, 1993), no que non imos agora a tratar.

Dentro destes monumentos as "pedras formosas" son grandes lousas dotadas dunha abertura na súa parte inferior que posibilitaban o acceso ó interior. A decoración que posúen pode ser moi variada: sogueados, trisqueles, etc.

Finalmente hai que referirse ó xurdimento da plástica cás estatuas de guerreiros que constitúen a aportación máis orixinal do castrexo á arte peninsular da época. Son estatuas masculinas de pé, vestidas, calzadas e armadas. Teñen casco, escudo redondo (a *caetra*) que ás veces leva unha inscrición latina, e adornos como torques e braceiras.

Sobre su significado hai diversas opinións pero cecais cumpríran nos castros un papel semellante ós "thoracatos" nas cidades (ACUÑA CASTROVIEJO, 1993).

IV. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Os aspectos considerados ata aquí constitúen únicamente unha aproximación ó tema do urbanismo na Galicia castrexa que merece un estudio máis profundo e ampliado a ámbitos xeográficos próximos.

Parece claro que ó longo da evolución da cultura castrexa, o contacto con Roma supuxo un cambio sustancial con reformas estruturais nalgúns castros e creando outros de nova planta.

Todo esto se traduce na existencia dun urbanismo claro con recintos amurallados, rúas e prazas enlousadas, recintos públicos, sistemas de aprovisionamento e saneamento ó que habería que engadir a plástica e a decoración en pedra.

Dentro dos castros desta época habería algúns que desempeñarían o papel de centros comarcais cumprindo no agro unha función parella á das capitais Lugo e Braga.

Por último, o proceso deste urbanismo se desenvolve ata os Flavios tra-lo que entramos nunha fase moi ben coñecida.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1993): "As aportacións da Arqueoloxía. Os castros de época romana". *Conclusións das Primeiras Xornadas Históricas e Arqueolóxicas da Mariña Lucense*, Foz, 8-23.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1993): "Escultura galaico-romana". *Actas de la Primera Reunión sobre Escultura Romana en Hispania*. Ministerio de Cultura, 195-204.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1994): "Urbanismo Castrexo". *La ciudad en el mundo romano*. Actas del XIV CIAC, Tarragona, Vol. II, 13-14.
- ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1996): "Os sistemas de fortificación nos castros de O Courel (Lugo)". *Humanitas*. Estudios en Homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real, Universidade de Santiago. (No prelo).
- ALARCÃO, J. (1992): "A evolução da cultura castreja". *Conímbriga*, Vol. 31, 39-71.
- ALMAGRO GORBEA, M.; ÁLVAREZ SANCHIS, J.R. (1993): "La sauna de Ulaca. Saunas y baños iniciáticos en el mundo céltico". *Cuadernos de Arqueología de la Universidad de Navarra*, Vol. 1, 177-232.
- ALMEIDA, C.A.F. (1984): "A casa castreja". *M.H.A.*, Oviedo, 35-42.
- ALMEIDA, C.A.B. (1990): *Protohistória e Romanização da bacia inferior do Lima*. Viana do Castelo.
- BALIL, A. (1971): "Casa y urbanismo en la España Antigua II". *B.S.A.A.* XXXVII, Valladolid, 7-14.
- CALO LOURIDO, F. (1993): *A Cultura Castrexa*. Ed. A Nosa Terra. Vigo.
- CALO LOURIDO, F.; SOEIRO, T. (1986): *Castro de Baroña. Campañas 1980-84*. Arqueoloxía/Memorias 6, Xunta de Galicia.